

# I. Disposicións xerais

## MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**17566** *ORDE EHA/3118/2008, do 31 de outubro, pola que se desenvolve o Real decreto lei 6/2008, do 10 de outubro, polo que se crea o Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros. («BOE» 265, do 3-11-2008.)*

O Goberno español decidiu poñer en marcha unha medida excepcional e temporal para impulsar o financiamento a empresas e cidadáns por parte das entidades financeiras que se plasmou xuridicamente na aprobación do Real decreto lei 6/2008, do 10 de outubro, polo que se crea o Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros. Este quedará adscrito á Secretaría de Estado de Economía, e contará cunha achega inicial de trinta mil millóns de euros ampliables ata cincuenta mil millóns. Ademais, adquirirá das entidades financeiras, con carácter voluntario por parte delas e con criterios de mercado, activos españois de máxima calidade.

Na referida norma habilítase o ministro de Economía e Facenda para ditar as normas necesarias na aplicación e desenvolvemento daquela regulación. De aí que, por medio desta norma, dando cumprimento á dita autorización, se regulan os diferentes aspectos e cuestións necesarios para a posta en marcha e funcionamento do referido fondo.

En primeiro lugar, desenvólvense cuestións procedementais, configurando a poxa como o procedemento de selección de activos para a realización das actividades do Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros, coas particularidades de contido propias de cada acto de convocatoria predeterminadas pola Comisión Executiva e de acordo cos criterios do Consello Reitor. Determínase que, con carácter previo á resolución de convocatoria de cada poxa, o Consello Reitor do Fondo determinará as directrices básicas daquela, tales como o volume máximo ou os activos que poderá adquirir o Fondo na poxa, ou as características das operacións de adquisición. Tamén se puntualizan as clases de ofertas que se poderán realizar, que poden ser competitivas ou non competitivas; o valor mínimo e máximo das ofertas; ou a súa forma de presentación e o contido, así como a descrición da fase de resolución das poxas, coa publicación dos seus resultados. Cabe destacar, polo seu efecto incentivador sobre a oferta de novo crédito, a figura das ofertas non competitivas, que se adxudicarán ao menor tipo de xuro aceptado na poxa entre as entidades de crédito que máis contribúen á concesión de novo crédito.

Especifícase e detállase o dobre papel do Banco de España, tanto na súa actuación como axente xestor e banco depositario; como na súa actuación de asesora-

mento técnico á Comisión Executiva do Fondo, a quen deberá elevar determinada información que se especifica nesta norma.

Así mesmo, establécese a obrigatoriedade de dar publicidade aos acordos do Consello Reitor na páxina web do Fondo por un lado; mentres que, por outra parte, especificamente se publicarán no Boletín Oficial del Estado os seus acordos sobre a composición da Comisión Executiva e sobre as directrices de investimento do Fondo.

E, ademais, o Fondo terá o pertinente control parlamentario exixido no artigo 6 do Real decreto lei 6/2008, do 10 de outubro, polo que se crea o Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros, e o contido do informe de xestión do Fondo a que se refire o dito precepto concretase nunha descrición do estado de situación, das actuacións do período e de demais información relevante no período cuadrimestral oportuno. Para iso, o presidente do Consello Reitor solicitará comparecer ante a Comisión de Economía do Congreso dos Deputados. E, ademais, o secretario de Estado de Economía solicitará comparecer cada dous meses na mesma comisión para informar sobre a evolución recente do Fondo e os seus efectos á luz dos informes elaborados polo comité técnico e polo Banco de España.

Desde o punto de vista organizativo do Fondo, a Comisión Executiva do Fondo contará co asesoramento dun comité técnico, coa participación de especialistas para así lograr unha composición experta de representantes de institucións coñecedoras en profundidade da materia, como son o Banco de España, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira e o Instituto de Crédito Oficial.

Con iso quérese proporcionar, tanto ás entidades financeiras como ás empresas e particulares que, en definitiva, son os destinatarios últimos das medidas postas en marcha, a través desta orde, o acceso ao marco regulador en que se deberá desenvolver a actuación do Fondo nas sucesivas adquisicións de activos financeiros previstas no real decreto lei de creación do Fondo.

Por outro lado, segundo consta no Real decreto lei 6/2008, do 10 de outubro, polo que se crea o Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros, o período previsto para as adquisicións do Fondo é 2008 e 2009.

Esta orde dítase ao abeiro da habilitación contida na disposición derradeira primeira do Real decreto lei 6/2008, do 10 de outubro, polo que se crea o Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros.

Na súa virtude, e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

### Artigo 1. *Comité técnico.*

De acordo co disposto no artigo 3.6 do Real decreto lei 6/2008, do 10 de outubro, polo que se crea o Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros, a Comisión Executiva

contará co asesoramento dun comité técnico coa seguinte composición:

- a) A directora xeral do Tesouro e Política Financeira, que será a súa presidenta.
- b) Tres representantes designados polo Banco de España.
- c) Dous representantes designados pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.
- d) Dous subdirectores xerais da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira; a un deles correspóndelle actuar como secretario do comité.
- e) Un representante designado polo Instituto de Crédito Oficial.

#### Artigo 2. *Poxas.*

1. Os procedementos de selección de activos a que se refire o artigo 4.2 do Real decreto lei 6/2008, do 10 de outubro, polo que se crea o Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros, consistirán en poxas. Con carácter previo á convocatoria de cada poxa, mediante acordo do Consello Reitor determinarase:

- a) O volume máximo que poderá adquirir o Fondo na poxa.
- b) Os activos que poderá adquirir así como, se é o caso, o seu prazo de vencemento ou vida estimada media.
- c) Características das operacións de adquisición.

2. En ningún caso se poderán realizar poxas despois do 31 de decembro de 2009.

#### Artigo 3. *Convocatoria das poxas.*

1. O acordo de convocatoria adoptara a Comisión Executiva de conformidade coas directrices e criterios fixados polo Consello Reitor. O seu contido mínimo será o seguinte:

- a) O volume máximo que poderá adquirir o Fondo na poxa.
- b) Os requisitos e características dos activos e das operacións de adquisición.
- c) O lugar, a data e a hora límite de presentación das ofertas.
- d) O número máximo de ofertas por entidade e o valor mínimo das ofertas, con indicación, se é o caso, de que as que se realicen por importes superiores deberán ser múltiplos enteiros doutro importe mínimo fixado na resolución.
- e) Os criterios de valoración das ofertas.
- f) O prazo máximo de resolución do procedemento de selección e da súa notificación.
- g) A data e a hora límite de pagamento das ofertas adxudicadas no procedemento de selección.
- h) O medio de notificación ou comunicación da resolución do procedemento de selección.
- i) O importe máximo das ofertas, se é o caso.

2. O acordo de convocatoria publicarase mediante resolución da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, seguindo as instrucións da Comisión Executiva. A resolución publicarase no Boletín Oficial del Estado cunha antelación mínima de 7 días á data de realización da poxa correspondente.

#### Artigo 4. *Ofertas.*

1. Clases de ofertas.–Poderanse formular as seguintes clases de ofertas para cada grupo homoxéneo de activos:

a) *Ofertas competitivas:* son aquelas en que se indica o volume e o tipo de xuro a que se está disposto a ofrecer os activos ao Fondo, na forma que se especifique en cada convocatoria. Non se tomarán en consideración para ningún efecto as ofertas competitivas que non especifiquen o tipo de xuro. Así mesmo, na convocatoria da poxa poderase limitar o número e o importe máximo das ofertas competitivas que poida presentar na poxa cada participante.

b) *Ofertas non competitivas:* son aquelas en que non se indica o tipo de xuro. En cada poxa, co fin de asegurar a correcta formación dos prezos e de favorecer a concesión de novo crédito, poderase reservar ata un 25 por cento da cantidade poxada ás ofertas non competitivas. Esta cantidade repartirase entre as entidades proporcionalmente á súa contribución ao crecemento do crédito con posterioridade á entrada en vigor do Real decreto lei 6/2008, do 10 de outubro, polo que se crea o Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros. Para o seu cálculo utilizaranse os datos da rúbrica de «Créditos. Outros sectores residentes» do Boletín Estatístico do Banco de España, comparando os últimos dispoñibles antes do anuncio da poxa cos correspondentes a tres meses antes daquela data. O Consello Reitor poderá modificar o límite reservado para estas ofertas non competitivas.

2. *Valor mínimo e máximo das ofertas.*–O importe mínimo das ofertas, competitivas ou non competitivas, será de 3.000.000 de euros. As ofertas por importes superiores deberán ser múltiplos enteiros de 1.000.000 de euros. Na convocatoria das poxas poderanse modificar os importes mencionados cando sexa conveniente polo prazo do activo ou cando calquera outra circunstancia así o aconselle.

Por outra parte, en cumprimento dos criterios de diversificación que estableza o Consello Reitor, na convocatoria de cada poxa poderanse establecer importes máximos das ofertas que poida presentar cada entidade.

3. *Presentación e contido das ofertas.*–Poderán presentar ofertas nas poxas todas as entidades de crédito domiciliadas en España e as sucursais en España de entidades de crédito estranxeiras e que manifesten previamente o seu interese por participar nelas.

Para participar, as entidades terán que dispoñer dos medios técnicos necesarios e seguir os procedementos de comunicación que estableza o Banco de España, encargado de instrumentar as operacións do Fondo.

As ofertas especificarán o importe total que se solicita e, no caso das competitivas, o tipo de xuro que se solicita.

As ofertas consideraranse compromisos en firme de alleamento.

#### Artigo 5. *Resolución da poxa.*

1. Recibidas as solicitudes e cerrado o prazo de presentación das ofertas correspondentes a cada poxa, clasificaranse as ofertas competitivas para cada grupo homoxéneo de activos de maior a menor tipo de xuro ofrecido.

Para cada grupo homoxéneo de activos, a adxudicación a unha mesma entidade non poderá exceder o importe efectivo máximo determinado polo Consello Reitor.

Se como consecuencia de aplicar o límite que se determine non se puidese adxudicar o importe máximo da convocatoria, poderase iterar o proceso tantas veces sexa necesario para adxudicar ata o dito máximo, respectando en todo caso os límites de diversificación do investimento do Fondo fixados polo Consello Reitor.

2. Establecerase o volume nominal ou efectivo que o Fondo adquirirá na poxa e o tipo de xuro mínimo aceptado que, en ningún caso, poderá ser inferior ao custo de financiamento equivalente do Estado.

Todas as ofertas que respecten o límite de adxudicación a que se refire o segundo parágrafo do punto anterior e cuxo tipo de xuro ofrecido fose igual ou maior que o mínimo aceptado quedarán adxudicadas, salvo que para o dito tipo de xuro se decidise limitar a adxudicación. Neste último caso efectuaríase unha repartición proporcional entre as ofertas a ese tipo de xuro.

Coas ofertas competitivas aceptadas procederase a determinar o tipo de xuro medio ponderado, expresado en tanto por cento arredondado a tres decimais.

Todas as ofertas cuxo tipo de xuro solicitado sexa maior que o mínimo aceptado adxudicaránse ao tipo de xuro ofrecido. As ofertas non competitivas aceptaranse na súa totalidade, sempre que fose aceptada algunha oferta competitiva, ao tipo de xuro mínimo aceptado, sempre que non se exceda o límite imposto á totalidade de ofertas non competitivas así como os límites de diversificación do investimento do Fondo que fixe o Consello Reitor.

3. No exercicio das súas funcións de asesoramento, o comité técnico remitirá á Comisión Executiva, en relación a cada poxa, un informe técnico que conteña unha proposta de adxudicación motivada. O acordo de adxudicación adoptará a Comisión Executiva.

#### Artigo 6. *Liquidación das operacións.*

A liquidación das operacións do Fondo farase necesariamente mediante a utilización de contas de efectivo en Target 2-Banco de España e en contas de valores na «Sociedad de Gestión de los Sistemas de Registro, Compensación y Liquidación de Valores, S.A., Unipersonal» (en diante, Iberclear).

#### Artigo 7. *Publicación de resultados.*

Mediante resolución da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, publicaranse os resultados das poxas, co seguinte detalle, distinguindo, se é o caso, entre os tramos competitivos e non competitivos:

- a) Importe solicitado.
- b) Importe adxudicado.
- c) Número de ofertas.
- d) Numero de ofertas adxudicadas.
- e) Tipo marxinal da poxa.
- f) Tipo medio ponderado da poxa.

#### Artigo 8. *Banco de España.*

1. O Fondo poderá manter contas de efectivo no Banco de España e de valores en Iberclear. Corresponderá ao Banco de España a súa administración e mantemento.

2. O Banco de España, como axente e depositario do Fondo, instrumentará as operacións do Fondo, incluíndo a administración, xestión e depósito das garantías das operacións simultáneas.

3. O Banco de España renderá conta das operacións e gastos realizados por conta do Fondo de Adquisición de Activos Financeiros, como axente e banco depositario seu, e xustificará á Comisión Executiva. Do mesmo modo, renderá conta á Comisión Executiva dos gastos que lle ocasionan as actividades descritas neste artigo e que repercutirá integramente ao Fondo.

4. O Banco de España, na súa condición de axente e depositario do Fondo de Adquisición de Activos Financeiros, poderá realizar en nome do Fondo cantos actos e negocios xurídicos sexan precisos.

5. Corresponderá ao Banco de España a administración da contabilidade do Fondo de Adquisición de Activos Financeiros, de acordo coa normativa aplicable e a formulación das súas contas anuais, e á Comisión Executiva a

aprobación destas contas que serán remitidas ao Consello Reitor.

6. O Banco de España deberá elevar á Comisión Executiva:

a) Cada dous meses, información detallada sobre a instrumentación do Fondo segundo o previsto no artigo 4.5 do Real decreto lei 6/2008, do 10 de outubro, polo que se crea o Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros.

b) Con periodicidade cuadrimestral, unha análise das condicións financeiras xerais en que se enmarca a actividade do Fondo así como da evolución do crédito bancario na rúbrica «Créditos. Outros sectores residentes».

Ambos os documentos serán remitidos ao Congreso dos Deputados xunto co informe cuadrimestral a que fai referencia o artigo 6 do Real decreto lei 6/2008, do 10 de outubro, polo que se crea o Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros.

#### Artigo 9. *Publicación dos acordos do Consello Reitor.*

Os acordos adoptados polo Consello Reitor serán publicados na páxina web do Fondo de Adquisición de Activos Financeiros, creada para tal efecto. Ademais, publicaranse no Boletín Oficial del Estado, mediante resolución da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira na súa calidade de secretaria do Consello Reitor, os acordos do Consello Reitor sobre a composición da Comisión Executiva e sobre as directrices de investimento do Fondo de Adquisición de Activos Financeiros.

#### Artigo 10. *Control parlamentario.*

1. O informe cuadrimestral a que fai referencia o artigo 6 do Real decreto lei 6/2008, do 10 de outubro, polo que se crea o Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros deberá conter, polo menos, a seguinte información en termos agregados:

##### I. Estado de situación.

- 1) Contía do fondo.
- 2) Composición do activo do fondo, con análise de:
  - a) Calidade crediticia dos activos e a súa porcentaxe no total do fondo.
  - b) Rendibilidade do activo do Fondo.
  - c) Gastos do fondo.
  - d) Tipoloxía dos activos pola súa natureza e a súa participación no total do Fondo.

##### II. Actuacións do período.

- 1) Reunións do Consello Reitor e da Comisión Executiva e acordos adoptados no período de referencia.
- 2) Descrición das adquisicións realizadas durante o período, con referencia ao procedemento de adxudicación; prezos e condicións de adquisicións; e custo das operacións.
- 3) Descrición dos alleamentos realizados e dos rendementos obtidos durante o período.

##### III. Outra información relevante do período.

2) A remisión do informe ao Congreso dos Deputados deberaa efectuar o ministro de Economía e Facenda. Así mesmo, remitiralle as contas anuais do Fondo.

3) O ministro de Economía e Facenda, na súa calidade de presidente do Consello Reitor, solicitará comparecer ante a Comisión de Economía e Facenda do Congreso dos Deputados para presentar o informe cuadrimestral. Así mesmo, o secretario de Estado de Economía, na súa calidade de presidente da Comisión Executiva, solicitará comparecer cada dous meses na Comisión de Economía e Facenda do Congreso dos Deputados para informar sobre

a evolución recente do Fondo e os seus efectos á luz dos informes elaborados polo comité técnico e polo Banco de España.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta orde ministerial.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 31 de outubro de 2008.—O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**17629** *REAL DECRETO 1801/2008, do 3 de novembro, polo que se establecen normas relativas ás cantidades nominais para produtos envasados e ao control do seu contido efectivo. («BOE» 266, do 4-11-2008.)*

O Real decreto 1472/1989, do 1 de decembro, polo que se regulan as gamas de cantidades nominais e de capacidades nominais para determinados produtos envasados, ditouse coa finalidade de lograr unha maior transparencia do mercado, así como unha maior racionalidade produtiva, evitando no posible que os produtos que se comercializaban en envases cuxos contidos diferían pouco entre si puidesen inducir a erro ao consumidor, ao tempo que levou a cabo a necesaria harmonización da nosa lexislación con diversas directivas comunitarias.

Posteriormente, o citado real decreto modificouse en diversas ocasións con obxecto de adaptar a regulación da materia ao contido de distintas directivas europeas, entre elas a Directiva 98/6/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de febreiro de 1998, relativa á protección dos consumidores en materia de indicación dos prezos dos produtos ofrecidos aos consumidores, cuxa transposición ao ordenamento interno se levou a cabo mediante o Real decreto 3423/2000, do 15 de decembro, polo que se regula a indicación dos prezos dos produtos ofrecidos aos consumidores e usuarios, que recolle a obriga de informar acerca do prezo por unidade de medida nos produtos ofrecidos polos comerciantes aos consumidores, co obxecto de facilitar a comparación dos prezos, o que incidía directamente na xustificación que amparaba a existencia das gamas de cantidades nominais, finalidade que actualmente queda salvagardada ao existir unha obriga de informar sobre o prezo final, incluídos o IVE e todos os demais impostos, por unha unidade de medida do produto.

Por outra parte, sobre a premisa fundamental de ter asegurados os dereitos dos consumidores, considerábase necesario atender a petición de diversos sectores afectados, co fin de flexibilizar o mercado de acordo co que sucedía nos países da nosa contorna.

Recentemente, debido aos cambios apreciados nas preferencias dos consumidores e á innovación no envasado e na venda retalista nos ámbitos comunitario e nacional, a Comisión Europea procedeu a unha revisión desta materia coa finalidade de determinar se a lexislación vixente até o momento seguía a ser adecuada. Como con-

secuencia desta revisión aprobouse a Directiva 2007/45/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de setembro de 2007, pola que se establecen normas relativas ás cantidades nominais para produtos preenvasados, e se derrogan as directivas 75/106/CEE e 80/232/CEE do Consello e se modifica a Directiva 76/211/CEE, do Consello.

Todas estas circunstancias fan necesario que se adopten no ordenamento español as disposicións oportunas en relación ás cantidades nominais para produtos envasados, con obxecto de dar cumprimento á Directiva 2007/45/CE. Así pois, a incorporación ao ordenamento xurídico interno desta directiva lévase a cabo mediante este real decreto, que procede a liberalizar as cantidades nominais para produtos envasados dirixidos ao consumidor final, coa finalidade de lles deixar máis liberdade aos fabricantes para subministrar mercadorías acordes cos gustos dos consumidores e mellorar así a competencia en materia de calidade e prezo dos produtos.

Por outra parte, tendo en conta as implicacións que en materia de control metrolóxico derivan da citada directiva, de conformidade coa Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía e o Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre os instrumentos de medida, así como a dispersión normativa existente en materia de control do contido efectivo dos produtos envasados, para lograr unha maior racionalidade e claridade, por medio deste real decreto procédese á refundición das normas existentes. Para tal efecto, incorpóranse a este real decreto as normas do Real decreto 723/1988, do 24 de xuño, relativo ao control do contido efectivo dos produtos alimenticios, polo que as directivas que no seu día se incorporaron ao citado real decreto se conteñen agora neste real decreto.

Na súa tramitación foi sometido a consulta das comunidades autónomas, déuselles audiencia ás asociacións de consumidores e usuarios e aos sectores afectados, e emitiron o seu informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria e o Consello Superior de Metroloxía.

Esta norma ten carácter básico e dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.12.<sup>a</sup> e 13.<sup>a</sup>, da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de lexislación sobre pesos e medidas e sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Sanidade e Consumo, de Industria, Turismo e Comercio, e de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 31 de outubro de 2008.

### DISPÓÑO:

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto:

1. Establecer normas relativas ás cantidades nominais para produtos introducidos en envases.
2. Fixar as tolerancias do contido dos produtos envasados.
3. Fixar os erros máximos permitidos na medida do contido efectivo dos envases.
4. Fixar as modalidades de control estatístico do contido dos produtos envasados.
5. Fixar a responsabilidade das persoas físicas ou xurídicas en relación ao envasado de produtos.

#### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto aplicarase aos produtos envasados destinados ao consumidor, coa excepción dos produtos enumerados no anexo I que sexan vendidos en tendas